

O LONGO FÍO DA MEMORIA

A fenda que introduciu na produción literaria en galego a longa e difícil posguerra vaise ir restaurando chegados os anos cincuenta cando comezan a aparecer os primeiros intentos de crear espazos propios para a nosa literatura. Deste xeito, iranse sucedendo diversas coleccións de poesía como Benito Soto, Xistral ou Monterrey ás que se vén sumar, xa na década dos sesenta, Salnés. Neste selo - dirixido por Celso Emilio Ferreiro, Emilio Álvarez Blázquez e Francisco Fernández del Riego- verá a luz en 1962 unha obra trascendental no devir da poesía galega que, desde a súa publicación, marca os camiños que a poesía transitará maioritarimente ata os anos oitenta. Trátase de *Longa noite de pedra*, un poemario de raíz social onde Celso Emilio Ferreiro fai súa a denuncia de todas as inxustizas cometidas durante a guerra civil e o subseguinte réxime franquista e que ten a súa xénese na tempada que o autor pasou na cadea condenado á pena capital. A obra, de fonda influencia na súa época, volve agora á actualidade gracias á edición facsimilar que vén de editar Edicións Xerais e que inclúe senllos debuxos de Picasso e Miró dedicados ó autor. Asimesmo, os poemas acompañanse dun Limiar onde Xosé Luís Méndez Ferrín evoca a historia do libro e da propia colección Salnés, e dun prólogo obra de Ramón Nicolás.

Tempos Novos, 76, setembro 2003, p. 77

